Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

NOVECIENTOS OITENTA E CATRO MIL TRESCIENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (984.353,10 €).

Paradelas, 22 de novembro de 2013. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non producíndose debate algún, a proposta resulta aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos nove membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

### 5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL E PLANTILLA DE PERSOAL - EJERCICIO 2014.

O Sr. Alcalde procedeu á lectura da Proposta do Grupo Municipal Popular que se reflicte de xeito textual: “Confecionado o orzamento xeral municipal para o exercicio 2014 xunto coas respectivas Bases de Execución e demais Anexos ou Estados que deban acompañalo, de conformidade co establecido nos artigos 166 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Alcaldía eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación o proxecto de orzamento xeral municipal para o exercicio 2014 co seguinte detalle:

#### ESTADO DE GASTOS

##### OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

##### A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	429.000,00
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	449.500,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	5.080,30
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	30.000,00

##### B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Inversións Reais	259.800,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00

##### OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	26.619,70

**TOTAL:** **1.200.000,00**

#### ESTADO DE INGRESOS

##### OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

##### A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Impostos Directos	354.000,00
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	14.253,37
CAPÍTULO III: <del>Taxas e outros Ingresos</del>	122.500,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	642.474,67
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais	23.500,00

B) INGRESOS POR OPERACIÓN DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	0,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	43.271,96
OPERACIÓN FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL:</b>	<b>1.200.000,00</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

**TERCEIRO.-** Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o exercicio 2014, as Bases de Execución e a plantilla de persoal aprobados, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.

**CUARTO.-** Considerar elevados a definitivos estos acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.

**QUINTO.-** Remitir copia á Administración do Estado, a sí coma ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Paradela, 22 de novembro de 2013. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

O Sr. Alcalde di que se trata dun orzamento acorde aos tempos que corren e bo xa que se incrementa nun 7,08 % en 85.000,00 €; destacando o capítulo de inversións que se acerca máis aos 300.000 euros que aos 259.500,00 xa que na hai un partida de gasto corrente destinada a bacheos e arranxos de camiños de 39.000,00 euros; que contén toda a documentación e anexos que establece a lexislación vixente, tanto o anexo de persoal, as Bases de execución, o anexo de inversións e o estado da débeda, fundamentalmente.

Non producíndose debate algún, a proposta resulta aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos nove membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

**6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA).**

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista instando á Xunta de Galicia a desistri da pretensión da suba do canon polo tartamento do lixo na planta da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), co seguinte tenor literal:

*“O Grupo Municipal Socialista no concello de Paradela en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN para “INSTAR Á XUNTA DE*



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradela  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

*GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA)", con base na seguinte*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*No proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, presentado pola Xunta de Galicia, e en concreto na Disposición Adicional 21ª, Dous, preténdese a revisión do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo, a percibir pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, pasando este a alcanzar un importe de 74,64 €/Tonelada métrica tratada, mais IVE.*

*Na actualidade o importe que abonan os 296 concellos galegos, que utilizan os servizos de SOGAMA, é de 55,91 €/Tonelada métrica tratada, mais IVE, co cal, de aprobarse definitivamente a pretensión da Xunta de Galicia, o canon se incrementaría nun 33,5%.*

*Xustifica a Xunta este desmedido incremento na caída das primas estatais que percibe SOGAMA pola valorización enerxética dos residuos (incineración de lixo), caída que ten a súa orixe nunha decisión do Goberno Rajoy.*

*O certo é que, analizando as contas que se recollen no proxecto orzamentario autonómico para o próximo ano, SOGAMA, co novo canon, pasaría de ter perdas no exercicio de 2013 a ter uns beneficios no 2014 de 6.624.160€, despois de impostos.*

*Non resulta comprensible, nin aceptable que unha sociedade do sector público autonómico galego como SOGAMA, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na que a Xunta de Galicia ten o 51% do capital social, se plantee, nos tempos de crise que estamos a sufrir, a prestación dun servizo público, con afán recadatorio, toda vez que o fin da suba non é o de conseguir a simple cobertura de custos do servizo, senón tamén o de xerar uns inxustificables beneficios, beneficios que serían directamente detraídos dos xa moi empobrecidos petos dos cidadáns.*

*É de todos coñecido que a práctica totalidade dos concellos están a sufrir unha importante diminución dos seus ingresos, atopándose nunha situación moi delicada que lles ten obrigado a deixar de prestar ós seus veciños algúns servizos moi necesarios. De levarse a cabo este incremento que pretende a Xunta a penuria do municipalismo galego será moitísimo maior.*

*A Xunta de Galicia, en vez de demandar compensacións ó Goberno central polos recortes que sufrirá SOGAMA nas primas pola coxeneración eléctrica, opta pola solución socialmente mais inxusta: incrementar o canon, obrigando ós Concellos a subir o canon que deberán abonar os seus veciños polo tratamento do lixo.*

*Resulta insultante a carencia da mais mínima sensibilidade social da que da mostra a Xunta de Galicia do Partido Popular nun asunto como este. Gobernando baixo a fórmula do "orden e mando" da as costas ós galegos e castiga dun xeito inmisericorde os seus intereses.*

*Os Socialistas apostamos por afrontar esta situación dende o diálogo e o respecto institucional entre os poderes locais, representados na FEGAMP, e o poder autonómico, e demandamos da Sociedade Galega de Medio Ambiente ter cumprido coñecemento da realidade da súa xestión económico financeira e organizativa, así como dos parámetros de eficiencia medio ambiental e ecolóxica que alcanza no tratamento dos residuos que se lle confían.*

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Paradela propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*1º. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, Dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.*

*2º. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos.*

*3º. Dirixirse a todos os Grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico financeira, recursos humanos, produción, medio ambiental, etc.) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos.*

*4º. Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias ós concellos.*

*En Paradela a 18 de novembro de 2013*

*Asdo. Dª Sonsoles López Izquierdo*

*Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.*

*ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que o seu grupo non pode aceptar a Moción, debido as necesidades que ten esta empresa pública, que nos gustaría non ter que pagar máis pero que en ningún caso se vai a modificar a ordenanza do lixo polo que non se vai ir ao peto dos veciños, estimamos que a suba suporá un gasto de arredor dos dez mil euros para o ano 20104 que sufragará o Concello, ademáis de resaltar que se vai proceder a facer campañas de concienciación para que a xente recicle e se reduzan o número de toneladas de residuos e a sí poder baixar esta factura.

A empresa necesita financiarse e non chegar a unha situación peor, o plan é a dez anos, non pretende ter beneficios.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista Dona Sonsoles López dicindo que poderían entender un incremento, por iso piden unha Mesa para que haxa un consenso, non pasar polas bravas de 55 a 74 euros a tonelada dun ano para o outro e pasar de ter perdas a ter máis de seis millóns e medio de euros de beneficios; o que resulta chocante polo que se solicita a auditoría para ver onde van os cartos e o que se necesita, pero que sexa cosensuado cos concellos, porque se de algo poden presumir os socialistas é de coherencia xa que teñen votado en contra de propostas do seu propio partido cando perxudican aos seus concellos, o que se pide e parar e mirar a ver o que pasa, negociar e consensuar e non o ordena e manda que está a facer o PP.

Sobre o dito polo Sr. Alcade de que non repercutirá nos petos dos veciños, non vai ser así porque aínda que o Concello se faga cargo vainos quitar doutros servizos que si podería prestar; asemade o tema da concienciación chega tarde xa que pola nosa parte se pediu antes incluso de verter en Sogama, a colocación de contenedores que están almacenados, pero a vostede pareceulle unha tontería, de todos os xeitos felicitámolo pola concienciación aínda que vamos ver como se fai.



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que se trata de que a empresa siga adiante, e a suba está estudiada, os cálculos están feitos, acreditados e comprobados, onde o gasto en directivos e persoal é moi inferior á época do bipartito, destacando a baixa de ingresos de SOGAMA polo sector eléctrico así como ter que pagar o 7% do canon por produción de enerxía, por iso é necesario facer a suba.

A continuación procedeu a votar a Moción, resultando rexeitada polos votos en contra dos nove Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, polos dous votos a favor dos membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

### **7º. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE RELATIVO AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2013.**

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da lei de medidas contra a morosidade relativo ao terceiro trimestre de 2013, co seguinte tenor literal:

**“ASUNTO: INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN PREVISTO NO ART. 5.4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

A fiscalización exerceuse de conformidade co establecido no artigo 4 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro aos efectos do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante), emitíndose o seguinte informe na estrita orde económica, con relación ao **artigo 4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as facturas impagadas con data de antigüidade superior a 30 días.**

### **CONSIDERACIÓNS PREVIAS EN CANTO AO ALCANCE DO INFORME.**

De acordo coa Disposición Transitoria primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo de 2010 (BOE número 163, de 6 de xullo de 2010), que sinala que a lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, así como o indicado na Disposición Final Única, segundo a cal a presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, **o presente informe limítase ás facturas cuxa entrada no concello sexa de data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2012 ata o 30 de setembro de 2013.**

### **LEXISLACIÓN BÁSICA DE APLICACIÓN**

- Artigo 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 200, e Disposición Transitoria Oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

En canto á morosidade das administracións públicas, o artigo 4.3 da Lei 15/2010, dispón:

*“Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.*

No apartado 4.4 do referido artigo establécese:

*Sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arreglo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.*

Queda claro que do mencionado precepto derívase a *obriga da elaboración por parte da Tesouraría e/ou a Intervención do informe que poña de manifesto o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei* para o pago das obrigas do Concello de Paradela, *que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes* nas que se estea a incumprir o prazo, así como a obriga de *remitir o mesmo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial*, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais, *sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello.*

Dende o 1 de xaneiro de 2012, o programa de contabilidade municipal foi adaptado por parte da empresa de mantemento do mesmo, coa finalidade de poder elaborar o mencionado informe, proporcionando os listados cos datos das facturas totais rexistradas, o seu importe e os prazos de pago; xa que ata este momento non era posible poder cumprimentar debidamente os informes requiridos polo Ministerio, xa que o cálculo había que facelo manualmente, non dispoñendo dos medios nin persoais nin materiais.

É todo canto se informe, **PROPOÑÉNDOSE:**

1) Que do presente informe e os seus anexos se dea traslado aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao Consello de Contas, aos efectos oportunos.

2) Que se dea traslado igualmente ao Pleno do Concello de Paradela, pois aínda que o artigo 4 da Lei di ao respecto do mesmo “sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local,”, o artigo 5.4, da mesma norma dispón:

*“A Intervención ou órgano da Entidade Local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao Informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales teñan transcorrido mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro e non se teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teña xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.*



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Por isto deberá unirse ao presente informe ao que se deberá dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre, xustificación pola Alcaldía das causas do incumprimento nos prazos de tramitación das facturas indicadas a continuación.

### INFORME DE PAGOS REALIZADOS:

Nº pagos realizados dentro período legal de pago	Importe total de pagos realizados dentro do período legal de pago	Nº pagos realizados fóra período legal de pago	Importe total de pagos realizados fóra período legal de pago
<b>87</b>	<b>48.045,40 €</b>	<b>32</b>	<b>110.148,22 €</b>

### INFORME DE FACTURAS PENDIENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

Nº de operacións pendentes dentro periodo legal de pago	Importe total de operacións pendentes dentro periodo legal de pago	Nº de operacións pendentes fóra do periodo legal de pago	Importe de operacións pendentes fóra do periodo legal de pago
<b>49</b>	<b>70.132,96 €</b>	<b>20</b>	<b>56.947,88 €</b>

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO TRIMESTRE: **0,00 €**

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE RECOÑECIMENTO DA OBRIGA : **NINGUNHA**

Paradelas, 7 de outubro de 2013. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”

O Pleno dase por enterado.

### **8º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEPSF, DESENROLADA POLA ORDE HAP/2105/2012.**

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento das obrigas trimestrais de subministro de información da Lei 2/2012 LOEPSF, desenrolada pola Orde HAP/2105/2012, co seguinte tenor literal:

“INFORME SOBRE EL CUMPLIMIENTO DE LAS OBLIGACIONES TRIMESTRALES DE SUMINISTRO DE INFORMACIÓN DE LA LEY 2/2012 LOEPSF, DESARROLLADA POR LA ORDEN HAP/2105/2012.

#### **I.- NORMATIVA APLICABLE**

- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (en adelante RDL 2/2004).
- RDL 500/1990, de 20 de abril, por el que se desarrolla el capítulo primero del

título sexto de la Ley 39/1988.

- Orden EHA 3565/2008, de 3 de diciembre, por la que se aprueba la estructura de los presupuestos de las entidades locales.

- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

- Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por el que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

## **II.- ANTECEDENTES DE HECHO**

Resultando que la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, en adelante LOEPSF, regula el principio de transparencia como base del funcionamiento de las Administraciones Públicas, y para ello resulta clave la rendición de cuentas y el control de la gestión pública para contribuir a generar confianza en correcto funcionamiento del sector público.

La importancia de este principio ha llevado al legislador a establecer en el artículo 6 de la LOEPSF, la obligación de las Administraciones Públicas de suministrar toda la información necesaria para el cumplimiento de las disposiciones de la citada Ley, y de las normas y acuerdos que se adopten en su desarrollo, y garantizar la coherencia de las normas y procedimientos contables, así como la integridad de los sistemas de recopilación y tratamiento de los datos.

Considerando que el desarrollo reglamentario a que se refiere el antedicho artículo de LOEPSF, lo ha realizado el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través de la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, y en concreto, sobre las obligaciones trimestrales de suministro de información, se ha recogido en su artículo 16.

Los artículos 14 y 16 de la Orden, sobre obligaciones mensuales y trimestrales de suministro de información de las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales, han entrado en vigor el 1 de enero de 2013, de conformidad con la disposición transitoria única de la Orden.

Resultando que el artículo 4 de la Orden HAP 2105/2012, impone la centralización del cumplimiento de la obligación de remisión y recepción de información “*En las Corporaciones Locales, la intervención o unidad que ejerza sus funciones.*”

Por todos los hechos y fundamentos de derecho descrito se emite el siguiente;

## **II.- INFORME**

### **PRIMERO.- Cumplimiento de la obligación de remisión de información**

De conformidad con lo regulado en el artículo 4 de la Ley 2/2012, LOEPSF, y el desarrollo del mismo realizado por la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, y en concreto con el contenido de los artículos 4 y 16 de la misma, este secretario-interventor ha cumplido con su obligación de remisión de suministro de la información trimestral correspondiente al tercer trimestre de 2013, en tiempo y forma, el pasado 30/10/2013. Habiéndose volcado la totalidad de la información requerida por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas a través de la plataforma telemática habilitada en la “Oficina Virtual de las Entidades Locales”, se adjunta justificante en el expediente.



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelá  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

### **SEGUNDO.- Justificación del informe y de su conocimiento por el Pleno.**

Para suministrar la información requerida, correspondiente al segundo trimestre de 2013, y a pesar de que la normativa, no exige de manera específica la elaboración de un informe ni su posterior tratamiento, esta intervención considera necesario la elaboración del presente informe, que resume la información volcada, los principales criterios de estimación seguidos, y que recoge las conclusiones respecto a las previsiones de cumplimiento o de incumplimiento al cierre del ejercicio presupuestario de los objetivos de estabilidad presupuestaria, de deuda pública o de la regla de gasto.

Hay que destacar que la propia plataforma telemática habilitada para el volcado de la información, recoge en el apartado 4 "*Cierre del informe de evaluación y firma*", la necesidad de dar traslado al pleno de la Corporación del resultado del informe de evaluación. El capítulo IV de la LOEPSF regula las medidas preventivas, correctivas y coercitivas que el Gobierno, a propuesta del Ministerio podría, imponer a las entidades locales, cuando se apreciase un riesgo de incumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria, de deuda pública o de la regla de gasto al cierre del ejercicio, y las limitaciones presupuestarias futuras que ello generaría.

Por otro lado, abundando en la necesidad de dar cuenta al Pleno, el Real Decreto 1463/2007, de 2 de noviembre, que desarrollaba la Ley 18/2001, de Estabilidad Presupuestaria, establecía en su artículo 16.2 la obligatoriedad de emitir informe de intervención de cumplimiento del objetivo de estabilidad y dar cuenta al Pleno en los supuestos de expedientes de modificación de créditos. En la actualidad tras la entrada en vigor de la LOEPSF y la Orden Ministerial de desarrollo sobre las obligaciones de suministro de información, según contestación emitida por la Subdirección General de Estudios y Financiación de las Entidades Locales a pregunta de Cosital Network, la verificación del cumplimiento de los objetivos de estabilidad y de la regla de gasto no es requisito previo necesario para la aprobación de los expedientes de modificación, sino que procede la actualización trimestral del informe de intervención de cumplimiento de los objetivos a que se refiere la Orden HAP2105/2012. Cálculo del que puede derivarse de manera preceptiva la elaboración de un Plan Económico Financiero por incumplimiento de objetivos.

Por todo ello, del presente informe se considera necesario dar traslado *a la Alcaldía*, para que se proceda a su elevación al pleno de la Corporación para su conocimiento y efectos oportunos.

### **TERCERO.- Contenido de la información**

La información a suministrar para dar cumplimiento a la obligación de remisión, es parte de la que se recoge en el artículo 16 de la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, y se ha materializado en los formularios que ha diseñado la Subdirección General de Estudios y Financiación de Entidades Locales, cumplimentados a través de la Oficina Virtual antes citada, que no ha recogido el total de la información detallada en el artículo. En el tercer trimestre se van a utilizar los mismos formularios y la previsión es de que en el cuarto se completaran para detallar la totalidad de información que se recoge en el citado artículo 16.

Se adjunta copia impresa de los formularios remitidos:

- Existe proxecto?
- Cales son as modificacións a levar a cabo no PXOM?
- Como se ven afectados os veciños propietarios e ,no seu caso, como se vai xestionar o asunto?

En Paradela a 18 de novembro de 2013

Asdo. D<sup>a</sup> Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.

O Sr. Alcalde resposta que si existe proxecto, que non se van producir modificacións no PXOM xa que se modificou a idea inicial e que hai acordo cos veciños, non haberá compraventa, é un acordo que non grabarán ao Concello.

A segunda pregunta con Rexistro de entrada número 1508, ten o seguinte tenor literal:

**“D<sup>a</sup>. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:**

**PREGUNTAS:**

¿A canto ascendeu en total o custe da carta enviada polo Sr. Alcaidce a todos os vecinos o pasado mes de marzo?

(Enténdese o coste de preparación das cartas, e mais o envío por correo, mais outros que puideran ter).

En Paradela a 18 de novembro de 2013

Asdo. D<sup>a</sup> Sonsoles López Izquierdo


Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.

O Sr. Alcalde resposta que o importe do gasto ascendeu a 1.257,19 € o da librería e a 415,32 euros o gasto de correo postal.


**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e trinta minutos do vinte e oito de novembro de dous mil trece, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

Visto e prace  
O Alcalde



Concello de Paradela  
Lugo  
Alcaldía

O Secretario-Interventor



Concello de Paradela  
Lugo  
Secretaría